

Da comezo a sesión da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ás 12:15 horas na Sala de Xuntas do Decanato de xeito presencial e virtual, unha vez que se cubre o quórum preciso en segunda convocatoria.

Asistentes:

PDI

Bergantiños Cid, Gustavo; Buch Gómez, Enrique J.; Comesaña Benavides, Fernando; Crespo Domínguez, Miguel Angel; Díaz Vázquez, Raquel; Fernández Aras, María Jesús; Gómez Fraiz, Santiago; González; Savignat, Mar; De Miguel Palacios, Carlos Juan; Rodríguez Daponte, Rocío; Rodríguez Domínguez, Mar; Vázquez Pampín, Carmen; Vila Biglieri; Joge

Alumnado

Álvarez Moreira, José Ángel; Bolaños Acuña, Néstor; Iglesias Alica, Malena

PAS

Nieto Rodríguez, Ángel

Desculpan a súa ausencia:

PDI

Garza Gil, María Dolores; González Martínez, Xosé Manuel; Vila Alonso, Mercedes

Alumnado

Jonathan Vidal Brea

Punto 1:

Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

- *Acta do 22 de setembro de 2021.*

O Decano indica que hai un posible erro na acta do 22 de setembro no que se refire á hora de remate da comisión permanente. na acta consta que foi as 16:54. Consultados ás persoas asistentes a dita comisión, indican que a hora de remate foi ás 13:54, polo que se fai a corrección da data de remate ás 13:54.

APRÓBASE por asentimento coa corrección da hora de remate.

- *Acta do 27 de outubro de 2021.*

APRÓBASE por asentimento

- *Acta do 9 de marzo de 2022.*

APROBASE por asentimento.

Punto 2:

Informe do Decano

1. O Decano informa que os días 27 e 28 de abril celebrouse a Feira Internacional EmpregoinCampus da UVIGO na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais en colaboración ca Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. O feedback recibido foi de un gran éxito e xa se está negociando unha nova edición para o mes de marzo do ano próximo.
2. Con respecto ás eleccións a Decano, o Decano informa do escrito enviado á Facultade (adxúntase escrito) no que consta o relato sobre todas as consultas feitas á Secretaría Xeral sobre as datas de celebración das eleccións así como as respostas aportadas tanto por Secretaría Xeral como por Asesoría Xurídica. Dado que o informe de Asesoría Xurídica avalaba todas as opcións disponibles, a Xunta Electoral decidiu anular a convocatoria actual e realizar unha nova convocatoria o primeiro día hábil unha vez finalizado o prazo de matrícula ordinaria. As circunstancias excepcionais que avalaban a convocatoria actual poderían resumirse en: o Decano actual non foi elixido pola xunta de facultade e está en funcións, a necesidade temporal de artellar unha nova candidatura dado que a que se presentou non foi elixida, a única candidatura que comunicou ó Decano en funcións a súa predisposición a presentarse solicitou o agotamento do mandato actual e non hai constancia de que exista outra posible candidatura.

Tamén informa que a semana pasada a Facultade de Comercio celebrou eleccións a Decano incumprindo a normativa e que as eleccións a Decano celebradas en novembro de 2021 nesta Facultade tamén incumprían a normativa, dado que se celebraron en período oficial de exames.

3. As/os decanas/os das facultades galegas de Economía e Administración de Empresas reuníronse o día 18 de maio de 2022, para abordar a análise do Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e do Anteproxecto de Decreto polo que establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. O borrador presentado recentemente pola Consellería de Educación, reduce respecto da situación actual, contidos relacionados coa formación económica, empresarial, financeira e de emprendemento do alumnado, especialmente en 4º de ESO e Bacharelato. Ante esta situación os decanos/as elaboran un borrador (adxúntase) sobre as consecuencias da eliminación das materias económicas e manifestan o seu apoio a proposta feita pola Asociación Galega de Ensinantes de Economía de Secundaria (AGAEDES). Todos os decanos/as manifestan ademais o seu acordo á proposta de AGAEDES excepto no que se refire a designación das materias concretas a ofertar, dado que as Facultades non deberían entrar nos títulos concretos das materias. Por eso, apoian un plantexamento máis xeral de fortalecer as ensinanzas de economía en Bacharelato. Na última reunión de decanos/as celebrada abordando esta cuestión á que asistiron tamén AGAEDES e o Presidente do Colexio de Economistas, entre outros, acordouse, ademais, pedir audiencia ó Conselleiro de Educación da Xunta de Galicia, así como a todos os representantes dos grupos políticos no Parlamento de Galicia.

Punto 3:

Aprobación, se procede, do traslado do patrón da Facultade no curso 2022/23.

Para o curso 2022/2023 a festividade do patrón da Facultade, o 05-04-2022, coincide en Semana Santa, polo que é preciso o seu traslado para un luns ou vernes próximos, segundo a normativa. Tras comprobar que nese cuadrimestre hai moitos luns festivos, optouse por trasladalo a un vernes.

A proposta que fai o Decano é que se traslade ao venres 14/04/2023.

APRÓBASE por asentimento.

Punto 4:

Aprobación, se procede, do calendario académico da facultade para o curso 2022/23.

APRÓBASE por asentimento.

Punto 5:

Aprobación, se procede, dos calendarios de exames para o curso 2022/23.

O Vicedecano Fernando Comesaña informa que o alumnado e as persoas coordinadoras de Master solicitaron o adianto dos exames de Fin de Carreira, solicitude que xa foi recollida na actual proposta. Tamén informa que se mantivo o sistema de rotación dos exames cara adiante e o de cambio de quenda.

A alumna Malena Iglesias solicita que, no segundo cuatrimestre, exista un maior prazo entre o fin das clases e o comenzo dos exames. É por iso solicita un retraso de 2 días no inicio do periodo de exames do segundo cuadrimestre., Deste xeito que o periodo de exames da convocatoria ordinaria segunda, sería entre o 24 de maio e 9 de xuño e quedaría reducida a 13 días.

APRÓBASE por asentimento coa seguinte corrección: O periodo de exames da convocatoria ordinaria segunda queda fixado en 13 días, do 24 de maio ó 9 de xuño.

Punto 6:

Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración de horarios para o curso 2022/23.

O Decano informa que os alumnos trasládanlle que o comenzo das clases ás 15:00 supónlles certos inconvenientes, pero que a súa vez non desexan terminar ás 21:00. Ante estes comentarios, nunha enquisa informal plantéxalles comenzo ás 15:30 ante o que a maioría de alumnos responde afirmativamente.

Ante esta resposta do alumnado, dende o Decanato plantéxase fórmulase unha enquisa ao profesorado e ao Alumnado que estivo matriculado este curso na quenda de tarde sobre as preferencias de comenzo das clases do grupo de tarde. A maioría optou por manter o horario de 15:00 a 20:00. Ante este feito, non hai cambio na proposta do horario do grupo de tarde. De sair unha opción diferente, ésta sería levada á Xunta de Facultade.

O Vicedecano Fernando Comesaña indica que o obxectivo da actual proposta é simplificar a organización e dotar dun maior peso á coordinación dos horarios.

Dado que a proposta actual é sustantivamente diferente a de anos anteriores iníciase un debate sobre a necesidade ou non de que os horarios, unha vez consensuados, sexan refrendados pola Comisión Permanente. Membros da comisión permanente que manifestan o seu apoio a que os horarios sexan refrendados pola comisión permanente son: Carmen Vázquez, Mar Rodríguez, Álvarez Moreira, Raquel Díaz, Gustavo Bergantiños.

Carlos de Miguel propón que o refrendo sexa feito pola Xunta da Facultade, ao que lle responden tanto Enrique Buch como Mar Rodríguez indicando que a aprobación dos horarios é unha función que ten a Comisión Permanente delegada pola Xunta de Facultade.

Finalizado o debate, o Decano propón unha modificación do **punto 9 dos Criterios Xerais** da proposta, de xeito que quedaría como segue:

Unha vez establecido o calendario das sesións prácticas de cada grupo teórico de cada curso e cuatrimestre, será enviado ás coordinacións de cada materia en soporte dixital para que se realice a súa revisión. Os calendarios definitivos das sesións teóricas e prácticas serán publicados na web do centro *despois do seu refrendo pola Comisión Permanente.*

APRÓBASE por asentimento coa corrección sinalada do punto 9.

Punto 7:

Rogos e preguntas.

1. O alumno Néstor Bolaños solicita que as reunións da Comisión Permanente se poidan facer tamén de xeito virtual para facilitar a asistencia.
2. A alumna Malena Iglesias solicita que as próximas eleccións a Decano se poidan facer de maneira híbrida para facilitar a votación do alumnado en Erasmus. O Decano resposta que se lle trasladará un escrito á Comisión Electoral da Universidade para que dirima sobre a cuestión plantexada.



ACTA DA COMISIÓN PERMANENTE
DA FACULTADE DO
06/06/2022

Sen máis asuntos que tratar ás 13:30 horas remata esta Comisión Permanente.

O Presidente
Miguel Angel Crespo Domínguez

A Secretaria
Raquel Díaz Vázquez